

O que se publica para xeral coñecemento ós efectos previstos nas bases da convocatoria.

Así o dispuxo e ordenou o Sr. Alcalde don Miguel Anxo Fernández Lores, en Pontevedra a vintedous de setembro de dous mil catro perante o Secretario xeral do Concello que da fe da precedente resolución.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 8227

Resolución do Pleno da Corporación pola que se aproba definitivamente a Ordenanza Xeral Reguladora das subvencións do concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos e se ordea a publicación do mesmo.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de setembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.—Desestimar a alegación presentada por don Joaquín Pesqueira Martín en representación da Asociación de Discapacitados Amizade Comarca de Pontevedra, por entender que na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada inicialmente polo Pleno da corporación municipal, non se contempla a imposibilidade da inclusión dentro dos gastos subvencionables dos alugamentos dos locais durante o período ou tempo en que se desenvolva a actividade subvencionada.

SEGUNDO.—En consecuencia, prestar aprobación definitiva ó texto íntegro da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontevedra, dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor na forma establecida no artigo 65.2 da Lei 7/1985, sendo o seu texto íntegro o recollido no acordo de aprobación inicial, punto 7 da acta da sesión plenaria do día 18 de xuño de 2004, co seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Disposición transitoria primeira da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, fixa o prazo dun ano, a partires da entrada en vigor da Lei – tres meses dende a súa publicación no BOE nº 276 do 18 de novembro de 2003 –, para a adecuación da normativa reguladora das subvencións ó réxime xurídico establecido na mesma. De non levarse a cabo esta adecuación será de aplicación directa a Lei.

Os procedementos regulados na Lei xeral de subvencións se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das Corporacións locais, contando o Goberno co prazo dun ano a partires da entrada en vigor (18 de febreiro de 2004) para o seu desenvolvemento regulamentario.

As Comunidades Autónomas que teñan asumidas competencias en materia de réxime local aplicarán esta Lei tendo en conta o establecido no apartado 1 da Disposición final primeira, que contempla o sinalamento dos preceptos considerados básicos e polo tanto de aplicación obrigatoria para tódalas Administracións Públicas, podendo legislar sobre os restantes preceptos non básicos.

O Concello de Pontevedra ten aprobada a “Ordenanza reguladora da concesión de subvencións polo Concello e os seus organismos autónomos”, ordenanza que se pretende adecuar á lexislación contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, de aplicación ás entidades que integran a Administración local, coa finalidade de contar con un instrumento regulador da actividade de fomento levada a cabo mediante o outorgamento de subvencións e outros auxilios en favor daqueles servicios ou actividades que complementen ou suplan os servicios de competencia municipal recollidos nos artigos 25 a 28 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e que persigan un interese social ou de utilidade pública.

Tendo en conta o exposto e o principio de autoorganización e a competencia regulamentaria do Concello, parece aconsellable proceder a adecuación da ordenanza municipal ás disposicións legais vixentes, dando así solución ós problemas que a aplicación práctica da vixente ordenanza pode producir coa aplicación obrigatoria das disposicións contidas na Lei xeral de subvencións, sendo consentes da falta da regulación regulamentaria para a que o Goberno conta co prazo dun ano.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime e o procedemento xeral do Concello e os seus organismos autónomos con relación a actividade de fomento: entendida como a acción da Administración encamiñada á protección ou promoción daquelas actividades no ámbito da cultura, recreación, actividade física e deporte, actividades económicas, xuventude, da ensinanza, sanitaria, ecolóxica, de servicios sociais, becas, premios ou axudas para a realización de traballos científicos, artísticos ou culturais, ou calquera outra actividade que complementen ou suplan os servicios de competencia municipal (artigos 25 a 28 L.R.B.R.L.) e que persigan un interese social ou de utilidade pública.

Artigo 2. Principios orientadores

Esta actividade exercerase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, libre concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia e con adecuación á legalidade orzamentaria.

TÍTULO I. AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS ECONÓMICAS

Capítulo Primeiro: Disposicións xerais

Artigo 3. Concepto

Considérase subvención toda disposición dineraria que outorgue o Concello e os seus organismos autónomos, de acordo co plano estratéxico de subvencións incluído nos seus orzamentos, en favor de persoas ou entidades públicas ou privadas para o desenvolvemento de proxectos, accións, condutas ou situacións que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción de unha finalidade pública e que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, á adopción dun comportamento singular, xa desenvolto ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se houberan establecido.
- Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Artigo 4. Actividades excluídas

1.—Non están comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias entre diferentes Administracións públicas, así como entre a administración e os organismos e outros entes públicos dependentes destas, destinadas a financiar globalmente a actividade de cada ente no ámbito propio das súas competencias.

Tampouco estarán comprendidas no ámbito de aplicación desta ordenanza as aportacións dinerarias que en concepto de cotas realicen as entidades que integran a Administración local a favor das asociacións a que se refire a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

2.—Non terán carácter de subvención as comprendidas nos seguintes supostos:

- O crédito oficial, agás nos supostos en que a administración pública subvencione ó prestatario a totalidade ou parte dos intereses ou outras contraprestacións da operación de crédito.
- As que supoñan concesión de exencións non permitidas polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundo da Lei reguladora das facendas locais en materia de

recursos locais de natureza tributaria e non tributaria.

- O prezo dos contratos celebrados polo Concello de acordo coa normativa vixente en materia de contratación.

3.—Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as seguintes:

- Os premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario.
- As subvencións ós grupos políticos do Concello, segundo o estableza a súa propia normativa.

Artigo 5. Características das subvencións.

- Estarán afectadas ó cumprimento da finalidade de interese xeral a que se condicione o seu outorgamento.
- Non poderán obedecer a mera liberalidade.
- Non poderán invocarse como precedente.
- Non xerará en favor do beneficiario dereito a esixir o aumento ou revisión.
- A entrega da subvención non suporá contraprestación directa do beneficiario.
- Non terán carácter contractual.
- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. A porcentaxe subvencionable polo Concello e os seus organismos autónomos non poderá exceder, con carácter xeral, do 50% do custo da actividade a que se aplique, excepto que, de forma motivada, se xustifique que se trata de actividades de especial interese público e/ou social, cuestión que deberá ser aprobada polo órgano competente no momento da aprobación das bases da convocatoria.

As bases de cada convocatoria sinalarán a contía ou porcentaxe máxima subvencionable ou ben unha combinación de ámbalas dúas en cada liña de subvención. Isto mesmo será de aplicación as subvencións de concesión directa.

- Serán revogables ou reducibles de oficio cando se comprobe que a actividade subvencionada non foi realizada total ou parcialmente, ou que se aplique a unha finalidade diferente daquela para a que foi concedida.
- As actividades subvencionadas deberán ser realizadas antes de finalizar o prazo que se estableza na resolución da concesión e, en todo caso, antes do 31 de decembro do ano da súa concesión. En supostos excepcionais con-

templados nas bases da convocatoria, poderase outorgar un prazo de realización mais longo.

Artigo 6. Beneficiarios e entidades colaboradoras

1.—Terán a consideración de beneficiario de subvencións a persoa que teña que levar a cabo a actividade fundamento do outorgamento da subvención ou que se encontre en situación que lexitime a súa concesión.

Poderán ser beneficiarios das subvencións económicas que se regulan na presente ordenanza e, en consecuencia, peticionarias destas:

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no Concello de Pontevedra, que realicen actividades de interese municipal e se encontren debidamente inscritas no Rexistro municipal de asociacións.
- b) As persoas físicas domiciliadas na cidade que realicen actividades de interese municipal.
- c) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro públicas ou privadas e as persoas físicas que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Pontevedra, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio da mesma.

2.—As bases reguladoras de axudas ou subvencións poderán establecer que a xestión e o pago das axudas ou subvencións se efectúe a través dunha entidade colaboradora.

Ten a consideración de entidade colaboradora aquela que, actuando en nome e por conta da entidade concedente, a tódolos efectos relacionados coas subvencións, distribúe e entrega os fondos públicos ós beneficiarios cando así se estableza nas bases reguladoras ou colabore na xestión da subvención sen que se leve a cabo a previa entrega e distribución dos fondos recibidos.

Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades as que fai referencia o artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Artigo 7. Obrigas do beneficiario

Son obrigas do beneficiario:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou aproveitamento da subvención.

c) Someterse as actuacións de comprobación, a realizar polo órgano concedente así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

d) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

- e) Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- f) Dispor dos libros contables, rexistro dilixenciados e demais documentos debidamente acreditados nos termos esixidos na lexislación vixente ou bases reguladoras da convocatoria de subvencións.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de publicidade do carácter público da financiación da actividade, programa, actuación, etc. obxecto da subvención.
- i) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos legal ou regulamentariamente.
- j) Rendición de contas en forma legal ou regulamentaria.

Artigo 8. Consignación anual

Anualmente o Concello e os seus organismos autónomos consignarán a cantidade que estimen pertinente nos respectivos orzamentos para atender as actividades subvencionables, a que se distribuirá entre as diferentes áreas de actuación segundo o plano estratéxico.

Artigo 9. Bases reguladoras

1.—Non poderá iniciarse o procedemento de concesión de subvencións sen que previamente o órgano competente teñan establecidas as bases reguladoras da convocatoria da subvención.

As bases, como mínimo, conterán:

- a) Indicación da disposición que estableza, de se-lo caso, as bases reguladoras e o lugar en que está publicada, agás que en atención a súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
- b) Créditos orzamentarios ós que se imputa a subvención e contía total máxima das sub-

vencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles.

- c) Obxecto, condicións e finalidade da subvención.
- d) Expresión de que a concesión se efectúa mediante un réxime de concorrencia competitiva.
- e) Indicación dos órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e comprobación da subvención.
- f) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- g) Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes.
- h) Documentos e informacións que deben acompañarse á petición.
- i) Posibilidade, de se-lo caso, de reformulación da solicitude.
- j) Criterios obxectivos de valoración das solicitudes e, de se-lo caso, da súa ponderación.
- k) Prazo de resolución e notificación.
- l) Indicación de si a resolución pon fin a vía administrativa.
- m) Medio de notificación ou publicación.
- n) Forma e prazo da xustificación do cumprimento dos fins da subvención, e de aplicación dos fondos percibidos, así como a documentación válida os efectos de xustificación.
- ñ) Forma e prazo do pagamento da subvención.
- o) Posibilidade de efectuar abonos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deben aportar os beneficiarios.
- p) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes doutras Administracións ou entes públicos ou privados. No caso de admitirse a compatibilidade deberán establecerse os límites ou criterios para evitar a sobrefinanciación.
- q) Procedemento de reintegro de subvencións percibidas.
- r) Criterios de graduación dos posibles incumprimentos das condicións impostas na concesión de subvencións.
- s) Designación do órgano Colexiado que debe emitir informe sobre a proposta de resolución provisional e, no seu caso, definitiva.
- t) Procedemento sancionador.

2.—As bases reguladoras da concesión de axudas ou subvencións e a súa convocatoria deberán ser publicadas no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios da Casa do Concello e os seus organismos autónomos segundo os supostos.

3.—As bases redactadas así como os informes previos serán remitidos a Intervención Xeral para a emisión do preceptivo informe.

Artigo 10. Criterios básicos para o outorgamento

Ademais dos criterios específicos que se fixen nas bases da convocatoria para cada subvención en concreto, se consideran básicos para o outorgamento das subvencións as seguintes:

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal.
- b) Número de beneficiarios, directos ou indirectos.
- c) O volume de subvencións concedidas a actividade para a mesma finalidade.
- d) Custo en función da capacidade da actividade e porcentaxe que se solicitou como subvención.

Capítulo Segundo: Procedemento de concesión e xestión de subvencións

Artigo 11. Procedemento ordinario para a concesión de subvencións.

Se concederán por convocatoria pública e polo procedemento de concurso, sendo competente para a aprobación das respectivas bases e resolución do procedemento o Alcalde ou Presidente dos organismos autónomos si a contía da convocatoria non excede de 12.020,24 euros e da Xunta de Goberno Local ou órgano similar dos organismos autónomos se a supera. Previo a convocatoria será preceptivo o dictame da comisión informativa correspondente, ou, no seu defecto da comisión de facenda ou similar nos organismos autónomos.

O procedemento para a concesión de subvencións se iniciará de oficio e sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente e de conformidade coas correspondentes bases reguladoras.

Artigo 12. Solicitudes

1.—As solicitudes deberán reunir os requisitos establecidos nas normas de procedemento administrativo, axustándose ó modelo e sistema normalizado de solicitude.

2.—As deficiencias na solicitude e as omisións nos documentos preceptivos deberán emendarse previo requirimento, no prazo de dez días dende a notificación, na que se indicará que se non se fixera terase por desistido da súa petición, sendo archivada sen mais.

3.—Documentación a presentar:

- a) Instancia individualizada para cada actividade, firmada polo peticionario ou no caso de persoas xurídicas polo representante

legal, debidamente acreditado, con indicación do domicilio a efectos de notificacións.

- b) Memoria explicativa das actividades que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos.
- c) Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto.
- d) Fotocopia do código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas.
- e) Inscrición no Rexistro de asociacións municipais e nos rexistros oficiais segundo a natureza da actividade a subvencionar, indicándose, no caso de persoas xurídicas, os estatutos que rexen a entidade así como certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social. As bases reguladoras da convocatoria poderán eximir da presentación da xustificación da inscrición no rexistro municipal o que será xestionado de oficio.
- f) Os datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención.
- g) Certificado da tesourería municipal conforme encóntrase o corrente das obrigas tributarias coa facenda municipal. As bases reguladoras da convocatoria poderán eximir da presentación deste documento, o que será xestionado de oficio.
- h) Compromiso firme de comunicar o Concello a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou privados, para a mesma finalidade.
- i) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- j) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal e autonómica, nin coa Seguridade Social.

Non será necesario presentar aqueles documentos que se encontren en poder da Administración, sempre que se faga constar a fecha e órgano ou dependencia en que foron presentados, non teñan transcorridos cinco anos desde a finalización do procedemento ó que correspondan e se manifeste que se encontran en vigor. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir do solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, acreditación por outros medios dos requisitos a que se refiren os documentos.

Artigo 13. Instrucción.

1.—A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponde ó órgano que se designe na convocatoria.

2.—O órgano competente para a instrucción realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3.—As actividades de instrucción comprenderán:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios, que serán emitidos nos prazos regulamentarios, para resolver ou sexan esixidos polas normas que regulen as subvencións.
- b) Avaliación das solicitudes ou peticións, realizada segundo os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na norma reguladora das subvencións ou, no seu caso, na convocatoria.
- c) Una vez avaliadas as solicitudes, o órgano Colexiado previsto nas bases da convocatoria deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

4.—O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado formulará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse a tódolos interesados na forma que se estableza na convocatoria, concedendo un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas aducidas polos interesados, tendo nese caso a proposta carácter definitivo.

5.—Examinadas as alegacións presentadas polos interesados, se formulará polo órgano instructor proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. Ó expediente engadirase informe do órgano instructor no que conste que da información levada a cabo se desprende que os beneficiarios cumpren tódolos requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

6.—As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se realice a notificación da resolución da concesión.

Artigo 14. Resolución.

1.—O órgano competente a vista da proposta de resolución definitiva resolverá o procedemento.

2.—A resolución será motivada segundo dispoñan as bases reguladoras da convocatoria das sub-

vencións, debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

3.—A resolución conterà, en todo caso de xeito expreso, a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

4.—O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, agás supostos previstos legal ou regulamentariamente, computándose o prazo desde a convocatoria.

5.—O vencemento do prazo sen haberse notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

6.—A resolución do procedemento se notificará ós interesados segundo o previsto na lexislación sobre Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común con indicación do prazo para a súa aceptación expresa, transcorrido o cal entenderase aceptada tacitamente.

Artigo 15. Modificación e reformulación.

1.—A alteración das condicións que van a determinar a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente das subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións poden dar lugar a modificación da resolución de outorgamento.

2.—Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actividades a desenvolver polo solicitante e o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ó que figura na solicitude presentada, se poderá instar do beneficiario, se así está previsto nas bases reguladoras, a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións a subvención que se poida outorgar.

Artigo 16. Publicidade

O órgano administrativo concedente dará a debida publicidade no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios ás subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ó que se imputen, beneficiarios, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Non será necesaria a publicidade no suposto de que teñan asignación nominativa nos orzamentos do Concello ou organismos autónomos.

Tampouco será necesaria a publicidade no Boletín Oficial da Provincia cando o seu outorgamento e contía resulten impostos en virtude de norma de carácter legal ou cando a súa contía individual sexa inferior a 3.000 euros. As bases da convocatoria sinalarán o procedemento de publicidade alternativa.

Capítulo Terceiro: Procedemento de xestión orzamentaria e xustificación da subvención

Artigo 17. Subcontratación.

Enténdese que existe subcontratación cando un beneficiario concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

As bases da convocatoria de subvencións fixarán a porcentaxe máxima permitida para a subcontratación, que nunca poderá ser superior ó 75% do importe da actividade subvencionada. Excepcional e motivadamente nas bases da convocatoria poderase fixar outro máximo distinto.

Artigo 18. Gastos subvencionables.

1.—Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido como período subvencionable nas diferentes bases reguladoras das subvencións.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado.

2.—Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, salvo que en esta se estableza disposición expresa en contrario que permita a xustificación documental do pago no prazo de dez días desde o abono da subvención pola Tesourería municipal.

3.—O carácter subvencionable do gasto de amortización estará suxeito ás seguintes condicións:

Que as subvencións no contribuíran á compra dos bens.

Que a amortización se calcule de conformidade coas normas de contabilidade xeralmente aceptadas.

Que o custo se refira exclusivamente ó prazo subvencionable.

As bases reguladoras das subvencións establecerán, no seu caso, as regras especiais que se consideren oportunas en materia de amortización de bens inventariables, e en todo caso deberá aportarse baixo a responsabilidade do contadante o método empregado para o cálculo da amortización e o seu rexistro contable.

4.—Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrados, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionable e os de administración específicos son subvencionables se están directamente

relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a súa adecuada preparación e execución e sempre que así se prevea nas bases reguladoras. Con carácter excepcional os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevea a normativa reguladora da subvención.

5.—En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os gastos de garantía bancaria esixida con motivo da concesión dun pago anticipado.
- b) Os intereses deudores das contas bancarias.
- c) Intereses, recargos, sancións administrativas e penais.
- d) Os gastos de procedemento xudiciais.

6.—Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente.

En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda nin os tributos satisfeitos ó Concello de Pontevedra.

7.—Os custos indirectos imputaranse polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e en todo caso na medida en que tales custos correspondan ó período en que efectivamente se realice a actividade.

Nestes supostos deberá achegarse certificación baixo a responsabilidade do contadante, que relacione os xustificante de gasto e onde se faga constar expresamente que están a disposición do Concello nas entidades beneficiarias.

Artigo 19. Xustificación das subvencións públicas.

1.—A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación de conta xustificativa.

2.—A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender:

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
- b) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- c) Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, Tcs, cartas de pago oficiais...).

As facturas as que fai referencia o parágrafo anterior deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 2402/85 ademais de estar datadas no período subvencionable e conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago.

En ningún caso se lles reconecerá valor probatorio ós simples “recibís”.

Deberase aporta-lo orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para estampillar a primeira, que será devolta, e compulsar a segunda.

O estampillado consistirá na impresión sobre o documento orixinal da expresión “este documento serviu para xustificar unha subvención outorgada polo Concello e os seus organismos autónomos no procedemento de concesión de subvención para...”.

d) No suposto de adquisicións de bens inmoables deberase aportar ademais certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

e) Tratándose de execución do obras será precisa a presentación de certificación de obra e factura, que teñen que conter os requisitos legalmente esixibles para a súa expedición.

Se as obras se realizan por contrata acompañarase á certificación informe do técnico competente.

Se as obras se realizan por administración será preciso achegar á certificación a xustificación de tódolos gastos que se relacionan na certificación e o informe do técnico municipal no que se acreditará que a obra está realizada de conformidade co orzamento ou proxecto que serve de base.

f) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.

g) Un exemplar de tódala documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

3.—O prazo para a rendición da conta xustificativa establecerase nas diferentes bases reguladoras das subvencións, sen que en ningún caso poida exceder de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade ou do 31 de marzo do ano seguinte.

Artigo 20. Comprobación de subvencións.

As bases reguladoras da subvención determinarán o órgano competente para a comproba-

ción da subvención, que se materializará na emisión dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención.

Este informe incorporárase ó expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

Artigo 21. Procedemento de aprobación de gasto e pago.

1.—Con carácter previo á convocatoria da subvención ou a súa concesión directa deberá efectuarse a aprobación do gasto polo órgano competente dando lugar a contabilización da operación contable “ARC”.

2.—A resolución de concesión da subvención comportará o compromiso de gasto correspondente que orixinará a tramitación do documento “D”.

3.—Para proceder á expedición da orde de pagamento da subvención deberá realizarse a previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade subvencionada nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

4.—As bases reguladoras da subvención determinarán se proceden ou non pagos a conta, que supoñen a realización de pagos fraccionados e responden ó ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente a xustificación presentada.

5.—A normativa reguladora da subvención poderá permitir a realización de pagos anticipados ata o límite do 60% do importe da subvención, estes pagos supoñen entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Non poderán obter pagos anticipados aqueles beneficiarios que teñan no seu poder fondos pendentes de xustificación logo do cumprimento do prazo de xustificación pola mesma ou distinta subvención.

En todo caso esixírase garantía cando o importe do pago anticipado supere o 30% do importe da subvención, podendo as bases reguladoras establecer un límite inferior.

Capítulo Cuarto: Responsabilidade, réxime sancionador e procedemento de reintegro.

Artigo 22. Invalidez da resolución de concesión.

Á resolución de concesión de subvencións serán de aplicación as causas de nulidade e anulabilidade previstas na lexislación de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, procedendo en estes supostos a revisión de oficio.

Artigo 23. Causas de reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da concesión.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión previstas na convocatoria.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.
- g) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

Artigo 24. Prescrición

Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose este prazo na forma establecida na Lei xeral de subvencións.

Artigo 25. Obrigados o reintegro.

1.—Os beneficiarios das subvencións deberán reintegrar a totalidade ou parte das cantidades percibidas mailos correspondentes intereses de demora. Esta obriga será independente das sancións que, no seu caso, resulten esixidas.

2.—Os membros das persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade responderán solidariamente da obriga de reintegro.

Tamén responderán solidariamente da obriga de reintegro os representantes legais do beneficiario cando este carecera da capacidade de obrar.

3.—Igualmente responderán subsidiariamente da obriga de reintegro os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas, que non realizasen os actos necesarios que foran da súa incumbencia das obrigas infrinxidas, adoptasen acordos que fixeran posible os incumprimentos ou consentiran os que deles dependan.

4.—No suposto de falecemento do obrigado o reintegro, a obriga de satisfacer as cantidades pendentes de restitución se transmitirá os seus herdeiros.

Artigo 26. Procedemento de reintegro.

1.—O procedemento de reintegro de subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común, sen prexuízo das especialidades que se establezan legal ou regulamentariamente.

2.—O procedemento de reintegro de subvencións iniciárase de oficio por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa, ben como consecuencia de orde ou petición doutros órganos ou por denuncia.

3.—A tramitación do procedemento, en todo caso, garantirase o dereito do interesado á audiencia.

4.—O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de 12 meses desde a fecha do acordo de iniciación.

5.—A resolución do procedemento de reintegro porá fin a vía administrativa.

TÍTULO II. INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS E PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Capítulo Primeiro: Infraccións administrativas

Artigo 27. Concepto de infracción.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Artigo 28. Responsables.

Serán responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, así como os entes sen personalidade a que se refire o artigo 11.3 da Lei xeral de subvencións, que por acción ou omisión incorran nos supostos tipificados como infraccións na Lei e, en particular, os seguintes:

- a) Os beneficiarios de subvencións, así como os membros das persoas ou entidades contempladas no artigo 11 da Lei Xeral de subvencións, en relación coas actividades a que se houberan comprometido a realizar.
- b) As entidades colaboradoras.
- c) O representante legal dos beneficiarios de subvencións que non teñan capacidade de obrar.
- d) As persoas ou entidades relacionadas co obxecto da subvención ou a súa xustificación, obrigadas a prestar colaboración e facilitar

canta documentación sexa requirida en orde a xustificación.

Estarán exentos de responsabilidade os supostos contemplados no artigo 54 da Lei Xeral de subvencións.

Artigo 29. Infraccións leves.

Constitúen infracción leve os incumprimentos das obrigas recollidas na Lei e nas bases reguladoras das subvencións cando non sexan constitutivas de falta grave ou moi grave e non operen como elemento de graduación da sanción. En particular, constitúen infraccións leves as seguintes condutas:

- a) A presentación fora de prazo das contas xustificativas da aplicación dada ós fondos percibidos.
- b) A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas.
- c) O incumprimento das obrigas formais que, non estando previstas de forma expresa, sexan asumidas como consecuencia da concesión da subvención.
- d) O incumprimento das obrigas de índole contable ou rexistral.
- e) O incumprimento das obrigas de conservación de xustificantes ou documentos equivalentes.
- f) O incumprimento por parte das entidades colaboradoras das obrigas establecidas no artigo 15 da Lei xeral de subvencións.
- g) A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións de control financeiro.

Artigo 30. Infraccións graves.

Constitúen infraccións graves as seguintes condutas:

- a) O incumprimento da obriga de comunicar ó órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención de subvencións, axudas públicas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- b) O incumprimento das condicións establecidas alterando substancialmente os fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A falta de xustificación do emprego dado ós fondos recibidos unha vez transcorrido o prazo establecida para a súa presentación.
- d) A obtención da condición de entidade colaboradora falseando os requisitos requiridos nas bases reguladoras da subvención.
- e) O incumprimento por parte da entidade colaboradora da obriga de verificar, de se-lo caso, o cumprimento e efectividade das condicións ou requisitos determinantes para o outorgamento das subvencións, cando de elo se derive a obriga do reintegro.

- f) As demais condutas tipificadas como infraccións graves na normativa da Unión Europea en materia de subvencións.

Artigo 31. Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves as seguintes condutas:

- a) A obtención dunha subvención falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que as houberan impedido ou limitado.
- b) A non aplicación, en todo ou en parte, as cantidades recibidas para os fins para os que a subvención foi concedida.
- c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control previsto, cando se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos.
- d) A falta de entrega, por parte das entidades colaboradoras, cando así se estableza nas bases reguladoras.
- e) As demais condutas tipificadas como infraccións moi graves na normativa de Unión Europea en materia de subvencións.

Capítulo Segundo: Sancións administrativas

Artigo 32. Clases de sancións.

1.—As infraccións en materia de subvencións se sancionarán mediante a imposición de sancións pecuniarias e, cando proceda, de sancións non pecuniarias.

2.—As sancións pecuniarias poderán consistir en multa fixa ou proporcional. A sanción pecuniaria proporcional aplicarase sobre a cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada.

A multa estará comprendida entre 75 e 6.000 euros e a multa proporcional pode ir do tanto ó triple da cantidade indebidamente obtida, aplicada ou non xustificada, ou no caso de entidades colaboradoras, dos fondos indebidamente aplicados ou xustificados.

A multa pecuniaria será independente da obriga de reintegro contemplada na Lei e presente ordenanza.

3.—As sancións non pecuniarias, que se poderán impoñer nos casos de infraccións graves ou moi graves, poderán consistir en:

- a) Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais das Administracións públicas ou outros entes públicos.
- b) Perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de actuar como entidade cola-

boradora en relación coas subvencións reguladas nesta ordenanza.

- c) Prohibición durante un prazo de ata cinco anos para contratar coas Administracións públicas.

Artigo 33. Graduación e sanción.

A graduación e contía das sancións correspondentes a cada tipo de falta serán as que se contemplan nos artigos 60 e seguintes da Lei xeral de subvencións, así como no que se regule vía de desenvolvemento regulamentario da Lei.

Artigo 34. Competencia para a imposición de sancións.

As sancións en materia de subvencións serán acordadas e impostas polo Alcalde ou Ttes de Alcalde delegados, así como polos Presidentes dos organismos autónomos ou mercantís existentes.

Artigo 35. Procedemento sancionador.

A imposición das sancións en materia de subvencións levarase a cabo mediante expediente administrativo no que, en todo caso, se dará audiencia ó interesado antes de dictarse o acordo correspondente e será tramitado segundo o disposto no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O procedemento se iniciará de oficio, como consecuencia, da actuación de comprobación levada a cabo polo órgano concedente ou entidade colaboradora, así como das actuacións de control financeiro previstas na ordenanza ou na Lei.

Os acordos de imposición de sancións poñen fin a vía administrativa.

TÍTULO III. CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES

Capítulo Primeiro: Procedemento de concesión directa

Artigo 36. Concesión directa.

1.—Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos do Concello ou dos organismos autónomos.
- b) Aquelas que o seu outorgamento e contía veñan imposta á administración por unha norma de rango legal.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que, de maneira motivada, se acredite por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a

súa convocatoria pública, ata un 30% do importe do crédito destinado a cada partida orzamentaria.

A resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos que se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables.

2.—Tamén poderán concederse de forma directa as previstas en partida orzamentaria global destinadas a subvencionar actividades das Comisións de festas tradicionais das Parroquias ou lugares do Concello, debendo constar nas Bases de Execución as contías máximas correspondentes a cada unha das festas tradicionais das Parroquias ou lugares do Concello.

A documentación a presentar polas Comisións de festas tradicionais será:

- a) Instancia.
- b) Documento xustificativo da composición da Comisión de festas, no que consten os compromisos asumidos por cada un dos seus membros.
- c) Proxecto explicativo das accións que se pretenden realizar.
- d) Orzamento de gastos e ingresos.

A porcentaxe permitida neste tipo de subvencións para a subcontratación será de ata o 100% do importe da subvención.

3.—A competencia para a concesión de subvencións de forma directa será do Alcalde ou Presidente dos organismos autónomos, sempre que estén previstas nominativamente nos orzamentos e aquelas en que o seu outorgamento e contía veñan impostas por norma legal. Tamén serán de competencia do Alcalde ou Presidente dos organismos autónomos as que con carácter excepcional se outorguen con cargo o 30% dos créditos de cada partida e non superen a contía de 12.020,24 €.

4.—A resolución de concesión directa conterá como mínimo os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto da subvención, con indicación do carácter singular da mesma e as razóns que acreditan o interese público, social, económico, humanitario e razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos, así como aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicable.
- c) Beneficiarios e modalidades de axuda.
- d) Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios.

5.—A xustificación das subvencións de concesión directa polo beneficiario será conforme o procedemento xeral disposto nesta ordenanza.

6.—Seranlles de aplicación as causas de exclusión e o procedemento sancionador previstos na presente ordenanza.

TÍTULO IV. AS SUBVENCIÓNS E AXUDAS NON ECONÓMICAS

Capítulo Primeiro: Subvencións en especie

Artigo 37. Réxime xurídico e procedemento de concesión.

1.—As entregas a título gratuito de bens e dereitos se rexerán pola lexislación patrimonial.

2.—Non obstante o anterior, será de aplicación esta ordenanza, cando a axuda consista na entrega de bens, dereitos ou servizos adquiridos coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro.

3.—En todo caso, a adquisición se someterá á normativa sobre contratación das administracións públicas.

4.—Serán de aplicación as excepcións seguintes:

- a) Na documentación que acompaña a solicitude de subvención non será necesaria incorporalos datos bancarios do beneficiario.
- b) A xustificación da subvención consistirá única e exclusivamente, na presentación, por parte do beneficiario, dunha declaración xurada que acredite que os medios materiais recibidos, foron destinados os proxectos, accións, conductas ou situacións obxecto da subvención.

TÍTULO V. BECAS OU PREMIOS.

Artigo 38. Becas ou premios.

O réxime especial aplicable o outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza deberán axustarse o contido desta ordenanza, agás en aqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.

Cando se trate de becas ou premios unicamente será necesario presentar a documentación esixida nas bases específicas da convocatoria.

TÍTULO VI. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

Artigo 39. Concepto

Son negocios xurídicos bilaterais, celebrados por un ente público con outros entes públicos ou con persoas físicas ou xurídicas sometidas a dereito privado, reguladas polo dereito administrativo e excluídas do réxime xeral do R.D.L. 2/2000 polo que se regula o Texto refundido da Lei de contratos das

Administracións Públicas (artigo 3.1), extremo que quedará debidamente xustificado no expediente.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa.

Artigo 40. Réxime xurídico e procedemento

Serán de aplicación as normas establecidas nesta ordenanza, salvo cando se trate de convenios de colaboración entre entidades de dereito público.

Os convenios conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acrediten o interese público, social, económico, humanitario ou razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos así como aquelas que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.
- b) Réxime xurídico aplicable.
- c) Prazo de duración do convenio e outras causas de extinción.
- d) Dereitos e obrigas do beneficiario e da administración.
- e) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios ou, de se-lo caso, entidades colaboradoras.
- f) Prazo e forma de xustificación.

A duración dos convenios de colaboración non será superior a catro (4) anos, podendo establecerse prórrogas sen que en ningún caso a duración total sexa superior a seis (6) anos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

Cando resulte de aplicación ó Concello de Pontevedra o establecido nos Títulos X e XI da Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, a competencia para o outorgamento de subvencións, así como para a autorización e disposición do gasto corresponderá ós órganos que a teñan atribuída en virtude de dita Lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

As subvencións concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza rexeranse pola normativa vixente no momento da súa concesión.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA

As contías das subvencións a que fai referencia o artigo 36-2 desta Ordenanza Xeral, fíxanse para o exercicio 2004 en 600 € para as festas parroquiais e en 450 € para as festas dos lugares ata o límite do crédito orzamentario.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Á entrada en vigor da presente ordenanza quedará derogada a ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións polo Concello e os seus organismos autónomos aprobada polo Pleno da corporación municipal na sesión que tivo lugar o día 24 de novembro de 2001 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 27 de marzo de 2002.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de 40 artigos, tres disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final, entrará en vigor unha vez sexa aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, publicado o texto íntegro no B.O.P., e transcorra o prazo que se establece no artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

O precedente acordo agota a vía administrativa e contra a Ordenanza xeral reguladora das subvencións, aprobado definitivamente, poderá interpoñerse directamente por quen se considere lexitimado o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro do Regulamento, de conformidade co disposto nos artigos 10-1-6) e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a Dereito, significándolle que o artigo 107-3 da Lei 30/1992, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Pontevedra, 23 de setembro de 2004.—O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.—O Secretario, Julio Dapena Outomuro. 8260

* * *

V I G O

E D I C T O

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, celebrado en sesión do 27 de Setembro de 2004, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

1. Aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de Ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

2. Aprobación provisional da modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos por uti-